

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*RESOLUCIÓN do 7 de novembro de 2011, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información.*

En virtude da Resolución do 28 de setembro de 2011 da Dirección Xeral da Función Pública, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 190, do 4 de outubro, aprobáronse as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información.

Unha vez transcorrido o prazo regulamentario para a presentación de emendas sobre as ditas relacións de admitidos e excluídos, de conformidade co artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4.2 das que rexen o proceso selectivo convocado pola Orde do 21 de xullo de 2011, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 142, do 26 de xullo, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Aprobar as listas definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información.

A lista definitiva de aspirantes admitidos poderá consultarse na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)) e estará á disposición dos aspirantes no Servizo do Rexistro Xeral e Información da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas oficinas de Rexistro e Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia e nas súas oficinas comarcais.

A lista de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

A Administración devolverá de oficio o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aqueles/as aspirantes definitivamente excluídos/as que, de acordo coa base I.3, realizaron o pagamento con certificado dixital ou DNI electrónico ou ben fixeron constar

na súa solicitude o número de conta para estes efectos. Para a devolución do importe ingresado por aqueles/as outros/as aspirantes que non fixeron constar eses datos e figuren nesta resolución como excluídos/as será necesaria a presentación dun escrito en que o/a interesado/a faga constar o número de conta, a entidade bancaria e a localidade desta ou dun certificado expedido pola entidade en que figuren eses datos. Esta documentación deberá ser presentada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade co disposto na base I.3, non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de exclusión por causa imputable aos aspirantes.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2.º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1.º do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2011.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

ANEXO  
**Relación de aspirantes excluídos/as**

Acceso libre

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Barreiro Espido, Dina	47366691-P	Libre	14
Patiño Vicente, María de las Mercedes	33279004-M	Libre	16
Riesco García, María	50544344-G	Libre	16
Tejeda Pérez, Iago	36155756-D	Libre	16
Valverde Esteiro, Lucía	36170337-P	Libre	16

Acceso libre. Base I.1.3

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Lamas Fernández, Ángel	44812980-X	Discap.	16
Vlad, Alexandra	X5131878-A	Discap.	16

Código	Descrición
14	Documento xustificativo de exención de taxas non válido
16	Documento xustificativo de exención de taxas non presentado